

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN DE AMENCER ANTE A COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas participantes e persoal responsable das actividades no contexto da crise sanitaria provocado pola Covid-19, a Asociación Xuvenil Amencer establece un protocolo de actuación con medidas específicas para o curso 2020-21. Estas medidas poderán variar en función da evolución epidemiolóxica no noso territorio, da especificidade da actividade e das instrucións das autoridades competentes.

O control e prevención da transmisión como responsabilidade de todos

As persoas participantes e os seus titores legais son responsables da súa situación particular fronte á Covid-19, de tal forma que se algunha presentase sintomatoloxía asociada coa Covid-19 non acudirá ás actividades e deberá comunicar esta circunstancia a Asociación Xuvenil Amencer chamando ao 988 218 123 ou 627 963 883 ou enviando un correo electrónico a secretaria@amencer.org indicando no asunto: “Información médica + Nome actividade + Nome e apelidos do participante ”

As persoas responsables das actividades (director, persoal técnico e monitor) velarán polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas establecidos para garantir a seguridade das actividades.

Cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias

As medidas persoais de hixiene e prevención serán obrigatorias. Aqueles participantes ou as súas familias que incumpran as normas establecidas relativas as medidas de protección ante a Covid-19 poderán ser excluídos das actividades.

Protección dos colectivos de risco

A posibilidade de participación de persoas que pertencen a grupos de risco ou que convivan con grupos de risco (*diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, mulleres embarazadas, maiores de 60 anos, insuficiencia renal crónica, enfermidade hepática crónica severa ou obesidade mórbida IMC>40*) deberá ser valorada pormenorizadamente polas familias e titores correspondentes. No caso de participar, esta circunstancia deberá constar expresamente na declaración responsable que se asina antes de iniciar as actividades.

Inscripción no programa

A inscrición ás actividades realizarase sempre e de xeito xeral de maneira previa e preferentemente de forma dixital. As xestións presenciais serán dentro dos horarios establecidos de secretaría e respectando a normas de seguridade: uso obrigatorio de máscara, distancia física, hixienización de mans...

Opción polos grupos de convivencia

As persoas que participan en cada programa de actividades dividiránse en grupos de **ata 15 nenos/as** con dous animadores/as baixo a ratio mínima establecida de 1 animador/a cada 10 nenos/as . Estes grupos terán un carácter estable ao longo de toda a actividade, independentemente da súa duración e periodicidade, funcionando dentro da mesma coma un compartimento estanco para garantir a trazabilidade e o seguimento de posibles situacións de contaxio.

Os monitores e monitoras formaran parte do grupo de convivencia.

O número de participantes e o grupo pode verse modificado no caso de que a lexislación sanitaria así o precise.

CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS

As persoas participantes das actividades de Amencer deberán mostrar a súa aceptación, por escrito e de forma previa, dos seguintes requisitos de participación:

Declaración responsable en modelo normalizado.

Os titores legais de todas as persoas que participen nas actividades deberán asinar ao comezo da mesma unha declaración responsable en modelo normalizado polas autoridades sanitarias. ([Ver anexo Declaración Responsable Amencer 20-21, na web www.amencer.org no apartado de Transparencia: Documentos COVID-19](#))

Requisitos xerais para participar nas actividades a cumprir durante todo a súa duración para preservar a saúde do grupo de convivencia.

- Ausencia de síntomas compatibles con COVID-19 ou calquera outra condición infecciosa.
 - o Febre a partir de 37,5º
 - o Tose, a maior parte das veces seca (que non produce mocos) e continuada
 - o Fatiga respiratoria (respiran máis rápido e/ou sensación de falta de aire) sen relación con esforzos físicos
 - o Diarrea (dúas veces ou máis, sensación de retortijon e/ou urxencia de ir ao baño, feces sen forma).
- Non convivir ou ter tido contacto próximo con persoas con síntomas e positivos ou compatibles confirmados nos 14 días anteriores.
- Non ser diagnosticado positivo por COVID19

Rexistro de temperatura

Durante as actividades a organización poderá facer rexistros de temperatura cando o conveña como medida de reforzo e en clave educativa de prevención en cada unha das unidades de convivencia.

Implicación persoal e familiar coas medidas de prevención e comprobación de síntomas

Débase medir a temperatura todos os días de actividade antes de saír da casa e pasar a enquisa de autoavaliación en base ao modelo ANEXO I da Xunta de Galicia: *Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19* (a disposición na web www.amencer.org)*

Se se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada coa COVID-19 non se acude á actividade e se contacta co teléfono 900 400 116 da Xunta de Galicia ou co teu centro de atención primaria, ademais da Asociación Xuvenil Amencer.

Se se estivo en contacto estreito ou se compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada tampouco se pode acudir á actividade, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de polo menos 10 días.

As persoas participantes deberán extremar os coidados e hixiene persoal: lavado frecuente de mans, limpeza na roupa e pelo sempre recollido.

*No caso de actividades non continuas (semanais, bisemanais, mensuais...) o rexistro de temperatura na casa e a autoavaliación en base ao modelo da Xunta deberá realizarse dende 3 días antes da actividade.

Sobre entradas e saídas.

Cada persoa participante terá asignada unha franxa horaria e unha porta para as entradas e saídas das actividades de modo que sexan escalonadas e se eviten aglomeracións.

A entrada de titores ou familiares ás instalacións para deixar ou recoller a persoas participantes restrinxirase a 1 adulto por participante. Os adultos que teñan que acceder ás instalacións deberán facelo mantendo os criterios xerais de distancia física, con máscara e asegurando non ter síntomas.

As persoas participantes que vivan cerca do espazo de realización da actividade ou de maior idade poden acudir e marchar das instalacións soas previa autorización dos seus titores.

Sobre os rapaces/zas participantes.

Os nenos e nenas participantes deberán traer máscara cada día á actividade. Será preciso empregala en todo momento, aínda que se manteñan as distancias de seguridade en espazos exteriores, exceptuando os casos establecidos no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (DOGA publicado o 18 de xullo)

Non se recomenda o uso de luvas.

Todas os efectos e pertenzas das persoas participantes serán de uso e consumo exclusivamente persoal. No se poderán levar ás actividades obxectos persoais para minimizar riscos de transmisión. A comida non se poderá compartir e sempre que sexa posible acudirase coa merenda feita. Recoméndase incluír unha botella de auga, un paquete de panos, unha máscara de reposto e un pequeno bote de xel hidroalcohólico.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE NAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS NAS ACTIVIDADES

- A organización levará a cabo a planificación tanto das actividades coma dos procedementos de traballo tentando manter na medida das posibilidades a distancia de seguridade, facendo especial incidencia na entrada e saída dos nenos e nenas participantes.
- Nas zonas comúns se deberá asegurar a distancia interpersoal e evitar aglomeracións de persoal nestes puntos.
- A planificación da actividade guiarase polo principio da minimización do risco.
- O monitor/a será o responsable de velar polo cumprimento das medidas adoptadas.
- As actividades desenvolveranse prioritariamente en espazos ao aire libre. Cando se teñan que utilizar espazos pechados, priorizaranse aqueles que teñan unha ventilación suficiente.
- Evitarase, na medida do posible, o uso de material compartido entre grupos. Terá que ser hixienizado despois do seu uso polo grupo de participantes.
- As instalacións estarán limpas e acondicionadas ao inicio da actividade.
- A limpeza e desinfección das instalacións farase seguindo os criterios de periodicidade marcado polas autoridades competentes.
- A xestión dos residuos ordinarios continuará realizándose do modo habitual, respectando no posible os protocolos de recollida selectiva. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recolleitas separadas).
- Os panos de uso persoal ou para secado de mans deben ser depositados en recipientes con tapa e preferiblemente accionados a pedal.
- A organización proverá aos participantes de produtos de hixiene necesarios (auga, xabón, solución hidroalcohólica, panos desbotables).
- Estarán ubicados e colocados xeles hidroalcohólicos en todos os puntos de entrada ás instalacións, nas zonas con máis risco de transmisión e a disposición das persoas participantes cando se precise.
- Estableceranse protocolos para o lavado frecuente de mans. Efectuarase ben con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico polo menos: Na entrada e saída das actividades, antes e despois de ir ao WC e antes e despois de comer.
- Realizaranse actividades e obradoiros en clave lúdica e formativa sobre a COVID19 e os distintos protocolos hixiénico-sanitarios para os rapaces e rapazas.

ACTUACIÓN FRONTE A UN POSIBLE CASO DE COVID-19 NA ACTIVIDADE

Participante con síntomas:

- A identificación dun posible caso sospeitoso da Covid-19 poderá realizarse de dúas maneiras:
 - o Identificación por observación por parte dalgún membro do equipo de responsables das actividades.
 - o Notificación por parte dunha familia.
- Se se observan síntomas nalgunha persoa participante, o director da actividade informará á familia ou titores legais.
- A persoa con sintomatoloxía illarase do resto do grupo e colocaráse unha máscara cirúrxica.
- A organización e a familia contactarán cos teléfonos habilitados (900 400 116) ou co centro de atención primaria para seguir os protocolos establecidos ao respecto.

Actuación fronte a un caso confirmado de Covid-19 na actividade:

A entidade organizadora, en caso de confirmarse un caso, seguirá as instrucións das autoridades sanitarias en relación ao resto de participantes que tiveron contacto coa persoa afectada e seguiranse os seguintes pasos:

- Confidencialidade da persoa.
- Realizar unha trazabilidade dos contactos nos últimos días.
- Paralización do grupo no que se atopaba o caso confirmado e notificación ás familias e ao resto de participantes.
- Limpeza e desinfección das instalacións utilizadas polo grupo para que se poidan volver utilizar con garantía.

A entidade organizadora facilitará o traballo ás autoridades sanitarias para realizar o estudo de contactos e a valoración da suspensión parcial ou total da actividade.

Reincorporación á actividade:

Tanto unha persoa participante como un traballador ou traballadora poderán reingresar na actividade cando teñan a alta do seu médico de atención primaria ou da CCAA.

MEDIDAS ESPECÍFICAS POR ESPAZOS/ACTIVIDADES

Nos grupos IEF:

- Os grupos fixos serán por norma xeral de 8 participantes + 2 animadores, pero poderá verse modificado en función das restricións sanitarias vixentes. Actualmente son grupos de 6 persoas incluído o animador/a.
- Respetaranse os aforos máximos marcados polas autoridades sanitarias. Actualmente 50 persoas ao aire libre e 25 en espazos pechados.
- Os grupos manteranse durante toda a actividade, desde a acollida ata a despedida.
- Os animadores e animadoras serán fixos nos grupos. En caso de ter que cubrir algunha baixa farase extremando as precaucións. Esa persoa NON sería grupo de convivencia.
- As actividades serán ao aire libre por norma xeral. Empregaranse espazos pechados soamente se é indispensable e con boa e constante ventilación.
- Empregarase o mínimo material posible. O que se empregue será desinfectado tralo seu uso.
- Evitarase a decoración, disfraces e outros elementos compartidos.
- Marcaranse rotas de entradas e saídas.
- Primarase a hixienización das mans á entrada e a saída das actividades. Cando se dea o caso tamén antes e despois das comidas e sempre que sexa necesario entre actividades.
- Primarase a hixienización de espazos e materiais segundo a normativa vixente.
- O tapabocas (mascara) será de uso obrigatorio.

En Primeira Liña:

- Cada persoa participante contará sempre co mesmo espazo físico individual para realizar as actividades.
- A persoa participante deberá traer o seu propio material. No caso de ser preciso, cada grupo de convivencia disporá dun pequeno kit de material de uso exclusivo individual que deberá ser desinfectado tralo seu uso.
- Soamente as persoas participantes que teñan indicado na inscrición que poidan marchar sos poderán facelo.
- A ventilación das aulas farase antes da entrada dos participantes e nos cambios de sesión. As ventás quedarán abertas ao final da xornada. Se as condicións meteorolóxicas o permiten, manteremos unha ventilación continua de portas e ventás.

Na Sala Aberta:

- AÍNDA ESTÁ SEN ABRIR
- Entrada e saída diversificada: A entrada á Sala Aberta será pola porta máis exterior, a máis próxima ao portón de saída do recinto, e a de saída da sala será pola porta do túnel.
- Cando sexa posible:
- Sinalizaranse as 4 zonas nas que se atenderá as persoas participantes, que corresponderán as catro ventás da barra.
- O número de mesas e cadeiras da sala, variará en función da normativa vixente, pero sempre colocadas cunha distancia de 1.5m.

- As mesas e cadeiras desinfectaranse despois de cada uso.
- Priorizarase á venta de produtos embolsados.

Na sala de xogos xuvenil:

- A entrada e a saída da sala de xogos xuvenil será a través das escaleiras da Sala Aberta.
- Na sala só poderán estar as persoas participantes, é dicir, un máximo de 4 persoas en cada un dos futbolíns e 2 no pimpón e un máximo de 4 persoas máis á espera para xogar.
- Habilitarase unha zona de espera, para un máximo de 4 persoas que estean esperando a súa quenda para xogar.
- O material e mobiliario empregado desinfectarase despois de cada uso.

Na sala dos 15 anos-Xangal:

- A entrada e a saída á sala será a través da porta exterior con acceso ao aparcamento.
- A sala estará dividida en 3 seccións mediante biombos nas que poderán estar ata 3 grupos diferentes.
- Por cada unha das seccións poderán estar un máximo de 6 persoas.
- En cada sección haberá unha caixa de plástico con material de xogo que se empregará unicamente polas persoas participantes, e non poderán compartir/intercambiar cos grupos doutras seccións.
- Ao final de cada uso e nos cambios de grupo, desinfectarase tanto o mobiliario como os materiais.